



# CCOO INFORMA

## **AXUDA DIRECTA A PERSOAS FÍSICAS DE BAIXO NIVEL DE INGRESOS E PATRIMONIO (cheque 200 euros)**

### **En qué consiste a axuda?**

Nun pagamento único de 200 euros ás persoas físicas de baixo nivel de ingresos, co fin de paliar o efecto prexudicial nos prezos ocasionado pola crise enerxética derivada da invasión de Ucraína.

### **Quen pode solicitalo?**

As persoas físicas que actualmente estean dadas de alta na Seguridade Social como traballadores a conta propia ou allea, así como as desempregados inscritas na oficina de emprego, reciban ou non o subsidio por desemprego que en 2021 tiveran ingresos inferiores a 14.000 euros e un patrimonio inferior a 43.196,40 euros.

O cómputo de ingresos e de patrimonio efectuarase de maneira conxunta, considerando todas as persoas que residan coa persoa beneficiaria nun mesmo domicilio a data 1 de xaneiro de 2022.

As persoas beneficiarias deben ter residencia legal e efectiva en España na data de entrada en vigor do real decreto-lei e tela de forma continuada e ininterrompida durante polo menos o ano inmediatamente anterior á devandita data.

### **Quen non pode solicitalo?**

As persoas que non cumpran os requisitos anteriores, as que perciban o Ingreso Mínimo Vital ou as que perciban pensións.

### **Cando e onde se debe solicitar?**

A solicitude presentarse na Sede Electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, enchendo o formulario electrónico que para ese efecto se poña a disposición pola mesma até o 30 de setembro de 2022, e no que, necesariamente, deberá figurar a conta bancaria na que se desexe que se realice o abono.

### **Como se saberá se se aprobou a solicitude?**

Non haberá ningunha comunicación por parte da Axencia Tributaria sobre a decisión que tome respecto dunha solicitude. A norma establece que se dará por notificada aquela persoa que reciba a transferencia cos 200 euros. Se nos tres meses seguintes ao 30 de setembro (data límite para a solicitude) non se recibiu o pago, a solicitude poderá entenderse desestimada. Contra esa desestimación poderanse interpor recursos de reposición e reclamacións económico-administrativas.